

Sr. D. José Miñones Conde
Delegación do Goberno en Galiza
Área de Industria e Enerxía
Praza de Ourense 11, A Coruña, 15003

Asunto: Alegacións ao Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galiza polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Caaveiro de 78 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña, BOE número 142, do 15 de xuño de 2021. Código do proxecto: PEol-431.

O Concello de Cabanas, con CIF P1501500A, e enderezo a efectos de notificación na rúa do Concello 22, 15621 Cabanas (A Coruña)

EXPÓN

- Que no Boletín Oficial do Estado de data 15 de xuño de 2021 publicouse anuncio desde a Área de Industria e Enerxía polo que se someten ao trámite de información pública as actuacións relativas ao estudo de impacto ambiental e á solicitude de autorización administrativa previa do Parque Eólico Caaveiro e a súa infraestrutura de evacuación.
- Que, en tempo e forma, polo presente e en contexto do trámite aludido, procédese a evacuar as seguintes

ALEGACIÓNS

Primeira. Ao proxecto de implantación de parque eólico que é obxecto do presente trámite de información pública, e en particular ao seu estudo de impacto ambiental, e á súa autorización administrativa previa, resúltalle aplicábel un corpo normativo que excede o propio ámbito do Dereito interno, autonómico ou estatal. Se ánimo de exhaustividade, resultan de aplicación, entre outras, as seguintes normas:

- Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).



- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Modificada pola Lei 7/2018, do 20 de xullo, Lei 33/2015, do 21 de setembro, e Real Decreto 1015/2013, do 20 de decembro, entre outras disposicións.
- Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
- Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.
- Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas. Modificado por Orde TEC/596/2019, do 8 de abril, Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo, Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto e Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.
- Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.
- Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

A mera enumeración anterior pon de manifesto o feito dificilmente controvertíbel de que a mera configuración do presente trámite de información pública, aberto durante 30 días hábiles, dista de poder garantir adecuadamente a posición xurídica dos interesados e afectados. Basta examinar o volume de documentación acumulada até o de agora e que é obxecto do trámite para decatarse de que resulta materialmente imposíbel para un particular concorrer ao mesmo coas mínimas garantías.

Segunda. Partindo da realidade que se acaba de expoñer, non menos evidente é que o proxecto obxecto das presentes alegacións, tal e como se atopa exposto, configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía que campa á súas anchas no Estado español desde antes da ditadura franquista. Tal proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia



enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e produción en proximidade. Máis ben, todo indica que se persegue, ante todo e sobre todo, e custe o que custe, aproveitar os accesos á rede que quedarán libres tras a liquidación da termoeléctrica das Pontes.

Non cabe, xa que logo, considerar que o proxecto de referencia é unha contribución positiva para a loita conta o cambio climático. Opostamente, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, causada pola inxente demanda de materiais para a súa construción, ocupación do terreo, aumento de vias e accesibilidade a zonas sensíbeis, mortalidade e perda de hábitat para as especies e aparición de efectos ecolóxicos negativos en cascada. A todo o cal debe engadirse o incremento de risco que se derivará en materia de incendios forestais, dadas as dificultades que para a súa extinción se xerarán pola dimensión física de aeroxeradores a empregar.

Parece, pois, que esquece a administración actuante que o Estado español ten que cumprir cos obxectivos que en materia de conservación da natureza marca a normativa da Unión Europea, antes citada, e parece que obvia igualmente o principio de efecto directo do Dereito da Unión.

Terceira. O proxecto de parque eólico presentado a información pública é unha iniciativa empresarial que serve aos obxectivos do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), instrumento que prevé, entre outros, o aumento da porcentaxe de enerxías renovábeis sobre o consumo total de enerxía final (con prazos de avaliación en 2030 e 2050). Con todo, cómpre salientar que máis aló da súa pomposa denominación, o PNIEC non establece mecanismos de planificación territorial, o cal compromete seriamente a súa validez técnica e legal. Nun mundo serio e civilizado - e non parece necesario insistir moito nisto -, esa falta de planificación tería que invalidar a mera formulación de tramitar calquera proxecto de xeración de enerxía eléctrica industrial previa á existencia dun Plan Estratéxico válido.

Pero máis aló de que esta tramitación sen planificación vulnere a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no caso que nos ocupa resulta que o que se expón é un proxecto de desenvolvemento eólico situado, polo menos en parte, fóra das Áreas de desenvolvemento eólico contempladas no Plan sectorial eólico de Galicia, instrumento obsoleto pero vixente. Respecto diso debe sinalarse que o artigo 6.4 da *Ley 8/2009, de 22 de diciembre*, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na redacción dada pola disposición final 6.2 da Lei autonómica 9/2021, de 25 de febreiro, dispón que *“non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, fóra das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía”*.

En base a tal precepto, fóra das ADEs do Plan Sectorial poden desenvolverse proxectos eólicos, mais tal posibilidade queda supeditada á declaración de que os proxectos teñan unha clara incidencia territorial e posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio, declaración que unicamente lle corresponde ao Consello da Xunta de Galiza. Este artigo 6.4 da lei galega resulta de aplicación aos proxectos que tramite o ministerio, por remisión, á súa vez, do disposto no artigo 3.1 da Lei 8/2009.

Segundo noticias aparecidas nestes pasados días na prensa, a Xunta de Galiza informou negativamente o proxecto fronte ao que estamos alegando neste trámite, por considerar que non



reúne a mentada incidencia territorial. Debe considerarse, pois, que o mesmo non poderá ser obxecto de autorización polo ministerio, nin previa, nin de construción, nin de operación, dado que para a implantación de parques eólicos en Galiza fóra das ADES do plan sectorial, por aplicación do disposto na Lei eólica galega 8/2009, haberá que contar coa competencia concorrente da Xunta de Galiza, administración á que lle corresponde en exclusiva declarar aquela incidencia territorial e que o parque posúe unha función vertebradora do territorio.

O parque de referencia e a súa liña de evacuación son, pois, inviábeis desde o punto de vista administrativo na súa configuración actual.

Cuarta. No propio anuncio de sometemento a información pública dos proxectos de referencia menciónase que o parque eólico Caaveiro “forma parte dun conxunto de 6 parques eólicos ubicados na zona noroccidental da provincia de A Coruña (...). O conxunto dos parques eólicos, denominados (...), ten unha potencia instalada conxunta de 611 MW e conectan nun mesmo punto de conexión á rede”.

De xeito abraiante, no propio anuncio deste trámite de información pública ponse en coñecemento da veciñanza que o que se está a facer é fragmentar artificialmente un proxecto. Ben é sabido que ás veces estas operacións de fragmentación artificial de proxectos de parques ou de liñas de evacuación se acomete para evitar a competencia autorizatoria do Ministerio a favor da competencia da administración autonómica. Non é o caso. Pero o que si acontece cando se fragmentan os proxectos, sexa pola razón que sexa, é que se minoran as garantías de protección ambiental, ao aniquilar a posibilidade de avaliar conxuntamente o proxecto.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunais de xustiza en España desde hai anos. Así, por exemplo, A Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aeroxeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenúen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aeroxeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aeroxerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aeroxeradores aos que se daría un tratamento autónomo".



En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientais, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de Dereito sexto o que segue:

“3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuouse de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto ambiental realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.

4ª. As mesmas consideracións han de efectuarse respecto a duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuaduplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxias que se producen entre os elementos illadamente analizados”.

En definitiva, non se axusta a Dereito a fragmentación de proxectos que se está a plantear, debendo tramitarse como proxecto único o que se recoñece por parte desa administración que constitúe un proxecto único. Por se quedase dúbida ao respecto, pódese ler na documentación que obra no expediente que:

“(…) tanto a SET Colectora 220/400 kV como a LSAT 400 kV son infraestructuras de evacuación comúns para o conxunto dos anteriores proxectos. Compartida para os proxectos Tesouro e Caaveiro:

- LAT 220 kV SE Tesouro– SE Colectora Renovables As Pontes Compartidas para los proxectos de Barqueiro, Badulaque, Moeche, Caaveiro, Tesouro e Santuario:
- SE Colectora Renovables As Pontes 220/400 kV”.

Quinta. En canto ás afeccións medioambientais do proxecto sometido ao presente trámite de información pública, cómpre salientar os seguintes aspectos:

- O proxecto afecta a multitude de hábitats prioritarios, que están enumerados no propio estudo de impacto ambiental.



- Hai que ter en conta que o parque se encadra a carón de dúas zonas de Rede Natura ou ZEC, e afecta de cheo un dos espazos que estaba proposto para a ampliación da Rede Natura en 2011 (ES1110024 ZEC Río Belelle, de 291,2 Ha). O dato dista de ser irrelevante, xa que os valores naturais polos que esa zona ten potencial para ser Rede Natura non desapareceron, e veranse gravemente afectados pola construción do parque.
- Máis en concreto, e a maiores do anterior, en canto ao impacto do proxecto na Rede Natura 200 e en outras figuras de protección ambiental, identifícanse as seguintes afeccións: sitúase a 1,6 km de ZEC "Xubia-Castro", a 860 m. da PN Fragas do Eume (ZEC, ZEPVN, LIC e Área de Especial Interese Paisaxístico), a 9 Km da RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Un vial cruza o ZEC Xubia Castro. A Serra de Forgoselo tamén se incluía na ampliación da Rede Natura.
- Polo referido á afectación de especies en perigo de extinción e vulnerábeis, o proxecto afecta á *Culcita macrocarpa*, especie en perigo de extinción. Por outra banda, o proxecto sitúase dentro da área potencial do *Plan de recuperación da escritura das canaveiras (Emberiza schoeniclus*, en perigo de extinción), correspondente ao perímetro de protección do Carrizal de "San Xurxo" e "Lagoa de Doniños" (a 16 km do PE).
- En canto a outras afeccións, incluíndo as de natureza patrimonial: hai un monte de utilidade pública dentro da poligonal. O Camiño Inglés atópase a 1,5 Km ao Oeste do aeroxerador máis próximo. O Castelo de Naraío sitúase 1,4 Km ao leste do aeroxerador máis próximo. O Mosteiro San Martiño de Xubia está a 3,5 Km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Tamén concorren afeccións paisaxísticas (AEIP, áreas de especial interese paisaxístico): as AEIP máis próximas son as das Fragas e Fervenza do Belelle, Pazo da Marquesa – Xubia, Castelo de Moeche, Serra de Forgoselo, e Lago das Pontes. A maior afección prodúcese na Fervenza de Bellele (a 175 m). Afecta a varios miradoiros, algúns que hai dentro do PN Fragas do Eume.
- Afeccións ao dominio público hidráulico: o Río Castro atópase a 750 m. O río Grande de Xubia está a 1.100 metros ao norte do aeroxerador C15 reserva, e os ríos Castro e Belelle teñen 1 e 2 cruzamentos respectivamente con zancas e viais do PE.
- No estudio de impacto ambiental do Parque Eólico "Caaveiro", os seus accesos e as súas infraestruturas eléctricas de evacuación, non se identifican os impactos sobre determinados elementos, como en particular a contaminación acústica do proxecto. O ruído é un parámetro e elemento que debe considerarse no inventario ambiental, de acordo co disposto no Plan eólico de Galiza. É por iso que resulta obrigado avaliar as afeccións causadas polo ruído na fase de explotación do parque, e non sómentes na fase de construción, que é a única que se fai referencia no estudo de impacto ambiental, toda vez que se remite a formación dun mapa de ruídos ao momento de posta en marcha da instalación.
- Consta na documentación do proxecto que se empregará o seguinte equipamento: 14 aeroxeradores tripala, dos cales 1x2.600kW de 114 m de diámetro e 80 m de altura de buxa, 4 x5MW de 132 m de diámetro e 84 m de altura de buxa, 1x6,22MW de 170 m de diámetro e 100 m de altura de buxa, e 8x6,2MW de 170 m de diámetro e 115 m de altura de buxa. As dimensións físicas destes equipamentos devirán nun notable impacto visual, que alén de outras consideracións, como as que se poden facer a partires da normativa da paisaxe antes referidas, causará a minoración do valor de mercado das terras.



- O estudo de impacto ambiental, á hora de analizar os efectos sobre o auga, fai unha pequena referencia a auga en superficie, e só no título ás augas subterráneas. No ámbito da Demarcación Hidrográfica “Galicia-Costa”, na que se enmarca a área de estudo do Parque Eólico “Caaveiro”, a rede hidrolóxica superficial está representada principalmente polos ríos “Grande de Xubia”, “Castro” e “Belelle”, ademais doutros arrosios e canles que aparecen na cartografía manexada pero sen denominación.

No estudo de impacto ambiental non se localizan os posíbeis acuíferos existentes, e por tanto non se analiza a posíbel afectación que aos mesmos lles pode facer as cimentacións do parque, as escavacións e os movementos de toneladas de terra para facer as pistas e os accesos do P.E., que se producen antes e despois da instalación do mesmo.

Sexta. No anteproxecto, ubícanse varios aerogeneradores a menos de 500 metros das vivendas, o cal vulnera a normativa vixente do Plan Sectorial Eólico de Galiza en materia de distancia a vivendas:

ESTUDIO DE INCIDENCIA TERRITORIAL

3.1. NÚCLEOS DE POBLACIÓN

Dentro de las áreas de potencial eólico, correspondientes a la revisión del presente Plan, se sitúan más de 1.906 núcleos de población, distribuidos en 967 delimitados, 929 no delimitados y 10 núcleos urbanos, figurando según el tipo de planeamiento como:

§ Suelo no urbanizable de núcleo rural

§ Suelo de núcleo rural

§ Núcleo sin delimitar en planeamiento

§ Suelo urbano

Si bien, como se justifica en el Anejo V, a 200 m. de un aerogenerador no se producen ya molestias de ruido, la distancia a las delimitaciones de suelo de núcleo rural, urbano ó urbanizable sectorializado, será como mínimo de 500 m.

Sétima. O proxecto presentado ignora totalmente o seu impacto sobre as actividades económicas potenciais que se poderían chegar a desenvolver nas zonas afectadas. No tocante ao termo municipal de Cabanas, o proxecto ignora a potencialidade turística de zonas como a ribeira do Belelle ou A Serra, zonas pouco exploradas até o de agora e nas que as posibilidades de desenvolvemento turístico son moi amplas.

Así mesmo, o proxecto anula os esforzos e as políticas públicas levadas a cabo polas diferentes administracións, e nomeadamente polo Concello de Cabanas, co obxectivo de fomentar a actividade turística nestas áreas, entendendo esta actividade como un factor de desenvolvemento e promoción económica no medio rural. Entre outras iniciativas, o Concello de Cabanas traballa no Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) das Fragas do Eume, en colaboración cos concellos das Pontes, A Capela, Pontedeume e Monfero, e tamén explorou as posibilidades de realizar investimentos para a creación, documentación e sinalización dun roteiro de sendeirismo na parroquia de Regoela e ao longo da ribeira do Belelle, roteiro que se ve afectado de forma directa polo proxecto e que é ignorado na documentación. Así mesmo, a contaminación lumínica que acarrearía o desenvolvemento do proxecto afectaría notablemente a proxectos xa avanzados para facer de Cabanas un centro de turismo astronómico, para o cal o Concello leva tempo traballando coa Agrupación Astronómica Ío.

Oitava. Por último, o arquitecto municipal do Concello de Cabanas emitiu informe desfavorábel sobre o informe sobre o *Estudio de Impacto Ambiental y Solicitud de Autorización Administrativa Previa del Parque Eólico Caaveiro de 78W y su Infraestructura de Evacuación en la Provincia de A*



Coruña, informe que se envía anexo á alegación. Dito informe, no seu apartado de conclusións ditamina o seguinte:

Por conseguinte de todo o anterior, INFÓRMASE EN SENTIDO DESFAVORABLE en relación tanto ao proxecto do parque eólico Caaveiro e máis do conxunto de parques respecto dos cales forma grupo, paquete ou conxunto, como da tramitación ambiental do mesmo, estimándose que tanto a súa proposta de implantación como o procedemento de tramitación ambiental son absolutamente improcedentes por non estar prevista a actuación dentro do planeamento sectorial eólico da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de incumprir coa lexislación e normativa citada nos distintos apartados anteriores do Informe relativos a ordenación do territorio, medio ambiente, avaliación ambiental e ordenación da paisaxe.

Esta pretensión pola implantación indiscriminada sobre todo o territorio de novos parques eólicos e as súas liñas eléctricas de evacuación supoñería ante todo unha transformación brutal da paisaxe existente coa conseguinte perda dos seus valores tradicionais e orixinarios os cales foron supostamente obxecto de ordenación e protección, implicando deste xeito a destrución da dimensión global de interese xeral que a paisaxe ten para a comunidade galega por canto transcende aos campos ambientais, culturais, sociais e económicos (tal e como recolle o Art. 1 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia) promovendo a íntegra transformación da Comunidade Autónoma nunha paisaxe industrial de escala territorial adicada á obtención de enerxía eléctrica a volcar na rede única estatal pero soportando a nivel local a carga do impacto (a todos os niveis) e das afeccións territoriais que se derivan da implantación das centrais de xeración de enerxía e das súas infraestruturas de evacuación eléctrica.

En base ao anteriormente exposto, o Concello de Cabanas

SOLICITA

Que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno, e en virtude do exposto se proceda a **resolver negativamente os procedementos de solicitude de autorización administrativa previa ao Parque Eólico Caaveiro e a súa infraestrutura de evacuación**, considerando a tal efecto as afeccións ambientais concorrentes e a conseguinte vulneración da normativa da Unión Europea en materia medioambiental, a fragmentación artificial e ilegal do proxecto conxunto e a ilegalidade derivada da colocación de aeroxeradores fóra das ADES do plan sectorial eólico de Galiza sen a declaración da incidencia territorial do proxecto por parte do Consello da Xunta de Galiza.

En Cabanas, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Primeiro Tenente de Alcalde, don Iago Varela Martínez.

